Máis arriba indicamos as limitacións que presenta a busca sobre fontes galegas en papel; por iso mesmo, sendo pragmáticos, debemos asumir que en moitos casos non vai ser posible realizala, quer pola escaseza de documentación ou pola dificultade de acadala, quer por non dispor de tempo abondo. Polo tanto, desde ese mesmo pragmatismo, propoñemos un comportamento mixto en relación

<sup>10</sup> Unha visión sintética das características desta produción pode verse no anexo III. Para análises máis detalladas, *vid.* Rodríguez Río (1996) e Rodríguez Río (2002).

<sup>11</sup> Datos de xullo de 2003.

<sup>12</sup> Datos tirados de Aguirre Moreno, Álvarez Lugiés e Gómez Guinovart (2002).

con esta vía de procura, dedicándolle tempo sempre que haxa expectativas razoables de atopar mencións ao concepto que se busca, e pareza posible que as denominacións empregadas para esas mencións difiran das que se poderían aventurar observando as palabras empregadas nas linguas veciñas<sup>16</sup>.

Levado ao terreo do concreto, o devandito obrigaranos a decidir para cada investigación puntual se cómpre ou non buscarmos en fontes en papel. Para tratar de fundamentar esa decisión sobre argumentos obxectivos, propoñemos que se manexen os dous criterios seguintes:

- A área de especialidade en que se inscribe o termo

En campos cunha alta compoñente tecnolóxica ou científica (como a xenética, a física avanzada, a biotecnoloxía...) ou de recente irrupción na nosa sociedade (como as telecomunicacións) ha ser moi estraño que as denominacións usadas en galego diverxan das empregadas polas linguas veciñas. Pola contra, naquelas máis vinculadas ao medio físico (xeoloxía, xeografía, arqueoloxía...) ou moi presentes historicamente na realidade socioeconómica do país (pesca, gandería, sector agroforestal, viticultura, minaría, sector téxtil, construción...) a existencia de conceptos que reciban en galego unha denominación diferente da dos idiomas veciños é moito máis probable.

- A proximidade ou a distancia do concepto coa vida social, cultural, económica, etc. da sociedade tradicional galega

Este segundo criterio superponse sobre o primeiro, de xeito que a probabilidade de atopar denominacións galegas desenvolvidas autonomamente aumentará cando estas se refiran a realidades coas que a sociedade galega

<sup>13</sup> Vid. Romero e Vaquero (2001) e Gómez Guinovart (2003).

<sup>14</sup> Isto non crea maiores problemas cando buscamos denominacións que non coinciden coas de ningunha outra lingua (*bioloxía, muíño, xerontocracia...*), pero dificulta enormemente a detección de fontes galegas cando procuramos formas coincidentes coas de idiomas do noso contorno (*leucemia, big-bang, prevaricación...*).

<sup>15</sup> Pódese acceder a eles en <http://www.alltheweb.com/advanced> e <http://buscador.terra.es/adv.asp>, respectivamente.

mantívese contacto frecuente e continuado no tempo, con independencia de que pertencen a unha ou a outra área temática<sup>17</sup>.

A aplicación destes dous criterios aconsellaría buscar en fontes galegas en papel sempre que o concepto fose manexado con frecuencia pola sociedade tradicional do país ou pertence a unha área vinculada coa nosa realidade socioeconómica. Pola contra, cando ningunha de ambas as condicións se cumpre, poderíamos prescindir desa busca.

A elección das fontes nas que buscar pode converterse noutro problema. Aínda que en galego a situación máis frecuente é a escaseza e non a sobreabundancia de documentación, se nos vemos na necesidade de seleccionar cumprirá darlle prioridade aos traballos máis representativos da área de especialidade á que pertence o concepto, tanto pola súa difusión como pola relevancia intrínseca do documento. Como pauta xeral preferiremos tamén os traballos máis recentes antes ca os antigos, sobre todo en campos nos que o factor tecnolóxico teña un peso importante, na medida en que se pode supor que van reproducir e nomear unha estrutura conceptual máis achegada á que exista no momento presente.

### **3. Avaliar a calidade<sup>18</sup> e as perspectivas de asentamento no uso real da(s) denominación(s) atopada(s)**

#### **3.1. Características xerais**

En principio, esta avaliación só sería precisa para as denominacións atopadas en documentos especializados e non para as recollidas en fontes lexicográficas ou termi-nográficas, sempre que o seu uso real se confirmase posteriormente na documentación. Isto é así, porque cabe supor que o traballo de valoración da calidade destas últimas xa se realizou

---

<sup>16</sup> A priori, non parece rendible dedicar tempo a buscar as posibles denominacións galegas para conceptos como os denominados en inglés *p-brana*, *massive compact halo objects* ou *weakly interacting massive particles*, xa que o uso do galego como lingua de transmisión de coñecementos no ámbito da física teórica é practicamente nulo. O mesmo se podería dicir da busca de formas galegas empregadas para referirse aos conceptos nomeados como *tricleucemia*, *fotón* ou *quark*, xa que é moi pouco probable que os resultados atopados diverxan dos adoptados en inglés, francés, portugués ou castelán, unha vez feitas as adaptacións ortográficas correspondentes.



antes de darlles cabida nos dicionarios ou vocabularios. Polo tanto, nese tipo de casos, o proceso de investigación terminográfica podería rematar aquí, transmitíndolle á persoa que consultou o resultado final das pescudas (é dicir, a proposta atopada e a indicación de en qué fonte lexicográfica se atopou).

Pola contra, as propostas denominativas rexistradas unicamente na documentación deben ser obxecto dunha avaliación neste momento. Esta debe ter en conta dúas perspectivas distintas: a intrínseca e a extrínseca ou pragmática. A primeira atenderá a cuestións relacionadas tanto co significado (precisión, claridade...) como co significante (congruencia coas solucións adoptadas por esa lingua en casos semellantes, respecto pola estrutura fonolóxica e morfolóxica do idioma, nivel de harmonización coas linguas veciñas...). Pola súa parte, a segunda terá que determinar o grao de uso da proposta e valorar as facilidades ou dificultades existentes á hora de introducila na comunicación especializada ou de eliminala dela.

Polo tanto, pódese dar o caso de que termos que segundo o primeiro dos enfoques serían deficientes reciban unha valoración final positiva, despois de comprobar o seu alto grao de uso e o escaso éxito dos intentos de substituílos por outros, en principio máis adecuados<sup>19</sup>. E ao revés, termos moi instalados no uso desbótanse definitivamente do corpus léxico nas obras normativas dada a súa inadecuación desde o punto de vista lingüístico<sup>20</sup>.

Aínda que a teoría metodolóxica di que o traballo de avaliación debe ser realizado por equipos interdisciplinares, compostos por especialistas da área na que se pode encadrar o problema terminolóxico e lingüistas con coñecementos de terminoloxía, na práctica do traballo puntual unha situación así vai ser infrecuente. Na realidade, son os traballadores dos servizos lingüísticos, os tradutores ou os correctores os que realizan case sempre esa avaliación,

---

<sup>17</sup> Así, dentro dun ámbito como a pesca, é moi probable que existan denominacións autónomas para todos os conceptos relacionados co manexo e os coidados dos aparellos de pesca, pero parece máis difícil atopalas para referirse aos elementos de seguridade a bordo, ou aos equipos de detección do peixe.

<sup>18</sup> Falamos de *calidade* e non de *corrección*, porque, en sentido estrito, esta segunda etiqueta só se podería empregar naqueles casos en que se contase cun ditame dunha entidade con autoridade prescritiva sobre o corpus léxico galego, potestade que só posúe a Real Academia Galega, e en cuestións de terminoloxía o Termigal.

---

<sup>19</sup> Isto é o que ocorreu, por exemplo, cos anglicismos *hardware* e *software* no galego. A pesar de ser termos

aínda que deben intentar contar sempre co asesoramento e a opinión dalgún especialista na materia (como mínimo, o autor da consulta, ou do documento no que aparece o termo que puxo en marcha a investigación).

### **3.2. *Aplicación ao contexto galego***

Aínda que en principio non sería preciso, como acabamos de ver, nós recomendaríamos estender o labor de avaliación das denominacións tamén ás recollidas en fontes lexicográficas ou terminográficas, partindo do feito de que a produción destes materiais en galego presenta unha serie de carencias, xa apuntadas con anterioridade, que impiden outorgarlles sen máis o aval de calidade aos termos presentes neles.

Porén, o devandito non nos autoriza a facer táboa rasa da produción terminográfica galega, senón a ter en consideración que en determinados casos será razoable defender propostas de termos que contradigan o recollido nela –incluso nas obras normativas– sempre que fundamentemos a nosa defensa, non en preferencias persoais, senón en un ou varios dos aspectos que a continuación presentaremos.

Na avaliación das denominacións –estean estas recollidas en fontes lexicográficas e terminográficas ou unicamente en documentación especializada– vai ser preciso ter en conta un conxunto de cuestións moi diversas e que observan o termo desde planos diferentes aínda que complementarios. Isto impídenos elaborar un documento que poida seguirse como se for un protocolo de actuación, pero iso non implica que a avaliación só poida basearse en argumentos subxectivos. Pola contra, esta debe artellarse arredor dunha serie de criterios de importancia diversa, que afectan a cada unha das dúas vertentes xa citadas (intrínseca e extrínseca), e que haberá que valorar en cada caso en particular.

#### **3.2.1. *Criterios da vertente intrínseca***

##### **1 En xeral cómpre respectar a autoridade normativa**

Como principio, o feito de que unha proposta apareza avalada ou publicada por entidades dotadas de autoridade normativa debe entenderse como un aval da súa calidade e un argumento poderoso para aceptala sen emendas. Agora ben, como xa indicamos, é posible defender puntualmente solucións alternativas ás anteriores en casos nos que exista contradicción entre fontes normativas, incongruen-

cia con respecto a outros termos tamén sancionados normativa–mente, etc.

Se se opta por unha decisión coma esta, vai ser imprescindible argumentar con detalle os motivos que a xustifican e indicarlle á persoa que puxo en marcha a investigación (normalmente por medio dunha consulta) a elección feita e a razón que a avala.

Por ex., aínda que no *Diccionario da Real Academia Galega* (García e González González, 1997) se recolle unicamente a denominación *geyser*, nas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega, 1995: 26) afirmase que “Os latinismos e as palabras estranxeiras de circulación corrente, aínda que non estean plenamente adaptadas ao galego, seguen as regras de acentuación enunciadas anteriormente” [as xerais da lingua galega].

De aí podemos deducir a necesidade de acentuar ese estranxeirismo (*géyser*) igual ca calquera outra palabra grave que remate en –r, así como tirar argumentos para defender por que se contradí explicitamente a forma recollida no dicionario académico.

## 2 Hai que intentar axustarse ás pautas morfolóxicas e sintácticas do galego

Isto é especialmente válido naquelas ocasións en que a existencia desas pautas sexa facilmente detectable e aplicable, como no caso de moitos termos formados por composición culta<sup>21</sup>, ou daqueles que pertencen a series pechadas ou regulares de elementos. Nestas situacións, débese evitar na medida do posible a integración de termos que introduzan irregularidades nos paradigmas segundo os cales se constrúen unha serie de casos semellantes.

Así, tendo en conta que os compostos cultos que teñen como segundo elemento –lito (‘pedra’) son todos eles esdrúxulos en galego (*aerólito, coprólito, crisólito, megálito, micrólito, nefrólito, oólito, otólito, siderólito, zoólito...*) cómpre respectar esa estrutura acentual á hora de incluír no corpus léxico novos termos

totalmente estranhos ao sistema desta lingua e moi dificilmente adaptables a el, tanto desde o punto de vista gráfico como fonético, foron integrados na norma léxica desde idioma (*vid. Diccionario da Real Academia Galega*), tendo en conta a súa presenza exclusiva no uso real e o nulo éxito dalgunhas denominacións alternativas, como os *soporte físico* e *soporte léxico* propostos en Gómez Guinovart e Lorenzo Suárez (1994).

<sup>20</sup> En galego, isto é especialmente frecuente en termos formados por composición culta, cando unidades moi

que inclúan ese formante.

Igualmente, tendo en conta que un dos sufixos cultos empregados en galego para crear substantivos a partir de verbos é –torio (e non –orio), como podemos comprobar en *comungatorio*, *conservatorio*, *deambulatorio*, *definitorio*, *observatorio*, *preservatorio*... parece razoable defender que o concepto que podemos definir como ‘organismo no cal se reproducen virus, bacterias ou parasitos, e que xeralmente non se ve afectado por eles’ debe denominarse en galego *reservatorio* e non \**reservorio* aínda que a segunda sexa a forma máis empregada na documentación e figure en obras terminográficas galegas.

### 3 **A calidade dos termos será maior, na medida en que respecten as pautas ortográficas e ortofónicas do galego**

En xeral, un termo que teña a capacidade de integrarse facilmente na estrutura do galego debería ser preferido a outro que non a teña.

Pola contra, é moi frecuente que denominacións formalmente estrañas (estranxeirismos procedentes de linguas afastadas estruturalmente, nomeadamente do inglés) coñezan unha amplísima difusión en galego, debido ao lugar que ese idioma está acadando como lingua franca da ciencia e da técnica, ao papel de modelo que a sociedade norteamericana desempeña sobre o resto do mundo occidental e á práctica inmediatez con que as novidades científicas, técnicas e sociais se transmiten duns países a outros<sup>22</sup>. En casos coma eses hai que tomar a decisión de aconsellar ou non esas denominacións “estranxeiras” valorando as dúas perspectivas da cuestión: a puramente lingüística e a pragmática.

Por exemplo, dous estranxeirismos como *software* e *hardware* son evidentemente alleos á estrutura do galego e, en principio, deberían ser desbotados como

empregadas seguen padróns construtivos que contradin os aplicados na formación de termos moi semellantes e avalados normativamente. Así, aconséllase desbotar do corpus léxico do galego formas como \**rumiantes*, \**monolito* ou \**microlito* a pesar de ter un uso moi frecuente, e substituílas respectivamente por *ruminantes*, *monólito* e *micrólito*.

<sup>22</sup> Este procedemento de formación de palabras, chamado tamén “neocomposición” pode definirse como aquel tipo de composición que ten lugar nunha lingua moderna a partir de lexemas latinos e gregos. Polo tanto, nin

denominacións aceptables neste idioma. Porén, a súa altísima implantación no uso real, e as dificultades para encontrar unha forma adaptada que non supuxera unha deformación total de ambas as palabras, anuláron na práctica as posibilidades de substituílas por formas máis respectuosas coa estrutura do galego.

Pola contra, en dous casos en aparencia semellantes, como son *scanner* e *plotter*, si é probable que as propostas de modificación acaden o éxito, xa que denominacións como *escáner* ou *plóter* poderían integrarse no galego sen forzar as estruturas da lingua e sen alterar significativamente a pronuncia nin a forma do termo<sup>23</sup>.

#### 4 **Deben buscar a precisión e explicitar as semellanzas e diferencias con outros termos da mesma subárea de especialidade**

A documentación especializada basea a súa calidade en aspectos como a precisión, a concisión e a adecuación á situación comunicativa en que se produce o texto. Especialmente importante é o primeiro deles, xa que a misión que se lle outorga á comunicación científica e o grao de formalización conceptual do tema de que se fala esixen evitar as ambigüidades na transmisión da información.

Aplicados á terminoloxía estes principios implican que a denominación dun termo debe axudar a describir as características básicas do concepto que designa e a destacar as diferencias e semellanzas existentes entre este e outros do mesmo campo temático. Na práctica, o devandito cúmprese *grosso modo* coa terminoloxía máis vinculada ao mundo científico, especialmente cos sistemas de nomenclaturas; pero moito menos coa relacionada co mundo industrial, profesional e sobre todo co comercial. Nestes, factores como o uso da denominación como “marca” dun produto ou a difusión do termo entre sectores sociais moi amplos fan que valores como a eufonía, as connotacións ou a concisión da denominación –que analizaremos na “vertente pragmática”– acaden unha elevada importancia.

o composto existía na lingua clásica, nin é frecuente que os formantes teñan un uso independente na lingua moderna.

Por exemplo, a técnica radiográfica coñecida como *tomografía axial computarizada*, que presentaba unha denominación que describía con detalle o concepto, pasou a ser denominada prioritariamente a través da sigla dela derivada (*TAC*) a medida que o seu uso se ía xeneralizando na práctica clínica.

Esá simplificación só será admisible se non provoca vacilacións na relación entre denominación e concepto, posto que a aparición dalgunha inseguridade afectaría aos cimentos da comunicación científica ou profesional que se artellan, como acabamos de indicar, sobre a precisión.

Así, para nomear o concepto que poderíamos definir como ‘mineral formado por óxido de silicio, moi estable en condicións ambientais normais, que cristaliza no sistema trigonal e que se atopa en rochas de todo tipo’ (en castelán, *cuarzo* e en portugués *quartzo*) algunhas fontes lexicográficas e terminográficas galegas ofrecen a posibilidade de elixir entre *cuarzo* e *seixo*.

Esta segunda opción, que supón a reutilización dunha palabra patrimonial galega e evita o emprego dun cultismo non parece atinada xa que pode fomentar confusións con outro termo da mesma área, formado pola mesma denominación (*seixo*) e por un concepto definible como ‘tipo de rocha xeralmente branca e moi dura’, en cuxa composición entraría o mineral descrito no parágrafo anterior.

## 5 Os termos xa presentes no galego son preferibles aos préstamos

Cando un termo vivo no galego remita ao mesmo concepto ca un préstamo doutra lingua sempre será preferible o primeiro; o préstamo pode, segundo os casos, admitirse como forma sinónima ou rexeitarse por ser superfluo.

Segundo o dito, á hora de recoller as denominacións galegas para o túnido *Thunnus alalunga*, haberá que darlle preferencia á forma *bonito* (que é a viva no galego falado) sobre outras como *\*bonito do norte* ou *\*atún branco*, que son imitacións das denominacións de linguas veciñas.

Sobre este principio xeral cómpre establecer dúas excepcións:

- Os termos científicos construídos con formantes cultos de orixe greco-

latina trátanse moitas veces como se fosen préstamos internos do propio sistema galego (igual que se faría cun dialectalismo ou un arcaísmo que intentásemos integrar no estándar como denominación dun novo concepto). Por iso, unha forma como *glóbulo vermello* non debe considerarse preferible a outras como *hemacia* ou *eritrocito* argumentando a distinta orixe dos seus elementos constituíntes.

- En casos como os anteriores, pode ocorrer que a denominación construída por vía culta con materiais gregos ou latinos e a formada no propio galego remitan ao mesmo concepto pero funcionen en niveis de lingua totalmente distintos. Nese caso cumprirá darlle preferencia á forma utilizada no nivel estándar.

Parece evidente que palabras como *vinchoca*, *bocha*, *ampola* e *flictena*, aínda designando un mesmo concepto que poderíamos definir como ‘vexiga cutánea formada pola elevación da epiderme, chea de líquido seroso’, non van poder empregarse nos mesmos contextos de uso: as dúas primeiras están limitadas a situacións comunicativas non formais nin especializadas e as dúas últimas funcionan preferentemente –exclusivamente, no caso de *flictena*– nos ámbitos en que as outras non teñen presenza.

Tamén pode ocorrer que a denominación patrimonial do galego non remita exactamente ao mesmo concepto có préstamo, senón a un moi semellante. Nese caso cumpriría analizar a viabilidade de realizar unha extensión semántica da palabra propia (que pasaría a convertese no significante dun novo termo que tería como concepto aquel para o que estamos buscando denominación) ou de aceptar a forma emprestada.

Un exemplo disto foi o proceso que levou a desbotar o préstamo \**coxinete* como denominación do ‘elemento que serve para soportar ou guiar un eixe ou unha árbore de maquinaria’, e a colocar no seu lugar a palabra patrimonial *chumaceira*, que designaba no mundo mariñeiro a ‘peza de madeira de forma trapezoidal sobre a que vai metido o tolete e que serve, ademais, para apoiar e soportar a rozadura do remo’, baseándose na semellanza dos dous conceptos, diferenciados basicamente polo nivel tecnolóxico dos aparellos de que forman parte.

## 6 **Son preferibles os termos que coincidan, total ou parcialmente, cos empregados polas linguas do noso contorno**

A conveniencia de buscar esa coincidencia é destacada en Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega (1995), en concreto no principio 4 dos citados na súa “Introducción”. Alí afirmase que “As escollas normativas deben ser harmónicas coas das outras linguas, especialmente coas romances en xeral e coa portuguesa en particular, evitando que o galego adopte solucións insolidarias e unilaterais naqueles aspectos comúns a todas elas, tales como a adaptación de cultismos e de terminoloxía científica e técnica”. Aínda así, non debemos esquecer que ás veces as condicións pragmáticas poden desaconsellar propostas terminolóxicas baseadas nesa vontade harmonizadora e moi adecuadas desde un punto de vista estritamente lingüístico.

Para determinar qué denominacións se empregan nas linguas veciñas teremos que consultar repertorios terminográficos multilingües. A procura en dicionarios en papel é en xeral lenta e obrigaranos a dispoñer dun conxunto de materiais moi amplo e actualizado con regularidade. Polo tanto, debemos intentar tirar o máximo proveito da consulta de fontes electrónicas, moitas das cales son accesibles gratuitamente a través da Internet<sup>24</sup>.

Este principio xeral, que valora como positiva a coincidencia terminolóxica entre as linguas próximas, debe poñerse en suspenso en casos como os seguintes:

- Se as únicas linguas que coinciden son galego e castelán parece aconsellable buscar un certo diferencialismo (a pesar de que, salvo excepcións, os préstamos do castelán adaptanse con facilidade á estrutura lingüística do galego).

Por exemplo, na documentación técnica en galego é frecuente ver como *codia* se emprega para designar a ‘capa externa dos órganos animais ou vexetais, de estrutura máis ou menos concéntrica’, en construcións como *codia cerebral*, *codia adrenal*, *codia suprarrenal*, etc.), probablemente a imitación do castelán *corteza*, mentres que as outras linguas veciñas empre-

<sup>22</sup> Por este motivo é fundamental conseguir que os termos procedentes doutras linguas, sobre todo aqueles que pertencen a ámbitos de ampla repercusión social, sexan avaliados con rapidez, antes de que acaden unha integración de facto que faga imposible a súa substitución no caso de que se considerase oportuna. O ideal sería



gan como denominación para o mesmo concepto o latinismo *córtex*.

Nesas circunstancias, os traballos lexicográficos e terminográficos galegos máis modernos como o *Gran diccionario Xerais da lingua* (Carballeira Anllo, 2000), ou o *Diccionario galego de termos médicos* (Reyes Oliveros e García González, 2002) defenden o uso do cultismo e evitan recorrer ao calco do castelán.

- Cando os idiomas máis próximos a nós coinciden ao presentar denominacións que supoñen unha tradución ou adaptación errónea dun préstamo común a todos eles, normalmente un anglicismo. Nese caso teremos que escoller entre a fidelidade lingüística –o que implicaría evitar a importación do erro ao corpus léxico galego– e a harmonización –que nos levaría a aceptar a denominación errada, aínda que maioritariamente empregada–. Na nosa opinión, unha posible vía de actuación sería ofrecer as dúas propostas como aceptables aínda que priorizando como mellor a correcta desde o punto de vista lingüístico, e deixando que sexan os usuarios os que decidan a sorte de cada unha.

O inglés denomina *interceptive orthodontics* á ‘aplicación de tratamentos temperáns, usando aparatos, sobre a dentición primaria ou mixta, para previr maloclusións graves, en casos en que se detecta oclusión inversa ou outros problemas orais’. Por influencia del este concepto recibe o nome de “ortodoncia interceptiva” en español e “ortodontia interceptiva” en portugués.

Á hora de elaborar unha denominación galega, poderíamos optar entre as tres posibilidades seguintes:

- *ortodoncia interceptiva*, fiel ao préstamo e paralela ás linguas veciñas, pero inadecuada desde o punto de vista lingüístico ao presentar un adxectivo deverbal que non se constrúe como adoitan facelo este tipo de palabras en galego (cfr. con *receptor*, *perceptor*, *interruptor*...)
- *ortodoncia interceptora*, que regulariza o adxectivo coa estrutura do galego, pero non describe con transparencia o concepto
- *ortodoncia modificadora*, que respecta a estrutura do galego e describe con bastante exactitude o concepto, polo que podería ser

considerada como a preferible, a pesar de non coincidir coas formas usadas nas linguas veciñas.

### 3.2.2. Criterios da vertente pragmática

#### 1 Grao de uso real

Parece evidente que canto máis usado sexa un termo, maiores serán as dificultades para conseguir substituílo por outro que posúa unha denominación máis apropiada desde o punto de vista lingüístico. Polo tanto, canto maior sexa a implantación no uso máis precavidos cómpre ser na elaboración e proposta de formas alternativas ás efectivamente empregadas.

Vémolo cos anglicismos *software* e *hardware*, que penetraron con gran forza en todas as linguas peninsulares por causa da grande expansión que a ofimática viviu a partir de mediados dos 80. Nalgunhas destas linguas, coma no catalán, tendo en conta as dificultades gráficas e fonéticas que os dous préstamos presentaban á hora de integrarse na estrutura do idioma, potenciouse en paralelo o uso dos neoloxismos *programari* e *maquinari*, que acabaron acadando unha presenza significativa<sup>25</sup>.

En galego intentouse un proceso parecido, e así no *Vocabulario de informática* (Gómez Guinovart e Lorenzo Suárez, 1994) propúxose *soporte lóxico* e *soporte físico* como denominacións galegas equivalentes de *software* e *hardware*, respectivamente. Porén, o alto grao de implantación con que daquela xa contaban os termos ingleses, unido probablemente a problemas na difusión das propostas, ou incluso ás características intrínsecas destas, provocaron que o seu emprego na documentación técnica non pasase do anecdótico. Boa proba disto é que no *Gran diccionario Xerais* (Carballeira Anllo, 2000) recóllese unicamente *hardware* e *software* como as denominacións funcionais en galego para designar eses conceptos.

O maior problema que presenta a aplicación deste criterio é a dificultade de determinar por medios obxectivos o grao de uso real dun termo, sobre todo en situacións nas que non se dispón de tempo para emprender unha investigación demorada, como adoita ocorrer nos traballos terminográficos puntuais.

que esta avaliación fose realizada por entidades normativas, pero poden xogar un papel similar as valoracións feitas desde as unidades correspondentes de certas organizacións (universidades, medios de comunicación de

Como xa dixemos noutro punto, a creación dun corpus representativo de fontes en papel non vai ser posible a maioría das veces, polo que outra volta podemos recorrer á Internet como unha vía rápida e sinxela de buscar información cuantitativa e cualitativa sobre o grao de uso dun termo en concreto.

Se, por exemplo, queremos comprobar en qué medida en galego se usan *link*, *enlace* ou *ligazón* para denominar o ‘texto ou gráfico sobre o que se pode pre-

mer para pasar dun punto a outro dun documento, a outro documento ou a outros elementos como páxinas web, sitios FTP, etc.’ poderíamos obter informacións empíricas investigando cántas veces aparece cada unha desas formas nas páxinas web redactadas nese idioma<sup>26</sup>.

## 2 **Grao de difusión e antigüidade da fonte lexicográfica ou terminográfica en que se recolle o termo**

Aínda que de maneira indirecta, a difusión da fonte en que se publicou un termo pode entenderse como un indicador da súa propia divulgación. Canto maior sexa esta, máis aconsellable será evitar propostas diverxentes con ese termo, a non ser que existan razóns moi sólidas que o xustifiquen. Reforza esta opinión a constatación de que un problema relevante que afecta os tecnolectos das linguas non normalizadas é a multiplicación de denominacións para un único concepto<sup>27</sup>; en contraste con isto nas linguas que gozan de panoramas normalizados é máis frecuente atopar relacións “denominación – concepto” dotadas de maior grao de univocidade.

Pola contra, se o termo foi recollido nunha fonte lexicográfica ou terminográfica pouco difundida, ou só en documentación técnica oral ou escrita, a nosa capacidade de intervención e proposta será maior.

Así mesmo, en igualdade de condicións sería preferible o termo recollido na fonte máis moderna, xa que nos ofrece unha radiografía sobre un estado da lin-

masas, editoriais...) dotadas do prestixio e da capacidade de difundir amplamente entre a sociedade as súas propostas de uso.

<sup>23</sup> De feito a presenza en documentación galega de verbos como *escanear* e *plotear* é a proba de que esas

gua máis próximo ao presente no que estamos consultando, e polo tanto máis actualizado.

### 3 **Adecuación do termo ao nivel de lingua que posúe o documento en que vai aparecer**

Entre as condicións que un termo debe cumprir para poder funcionar adecuadamente nun documento determinado cóntanse, ademais da precisión na referencia e da concisión na denominación, características de tipo pragmático, como por exemplo pertencer ao nivel de lingua empregado no documento. Normalmente, os textos técnicos e científicos recorren á variedade estándar e a niveis formais do idioma, o que pode provocar que sexa preciso desbotar en certos contextos o uso de denominacións galegas que, a pesar de designar exactamente o concepto que se quere empregar, pertencen a variedades coloquiais ou populares da lingua.

Isto ocorre con certa frecuencia á hora de fixar denominacións para as especies botánicas e zoolóxicas autóctonas de Galicia, ámbitos nos que se conta cunha

ampla presenza de nomes patrimoniais, que na maioría dos casos poden e deben ser aproveitados para a comunicación especializada. Agora ben, en ocasións, eses termos están fortemente vinculados a variedades coloquiais, ou incluso vulgares, como podemos comprobar presentando os correspondentes ao equinodermo *Holothuria forskali* (*carallo de mar*), ao peixe *Gadus minutus* (*fodón*) e ao paxaro *Stercorarius skua* (*merdeiro*). É probable que a proposta de empregar tales termos na comunicación técnica en galego fose recibida con bastantes resistencias por parte dos potenciais usuarios, e que se acabase empregando un nome menos connotado, polo menos para os contextos formais.

### 4 **A concisión dunha denominación aumenta as súas posibilidades de implantación no uso**

Non parece preciso estenderse moito en xustificacións: é evidente que os termos concisos (idealmente dunha soa palabra) son máis fáciles de lembrar, máis económicos e máis áxiles ca longos sintagmas<sup>28</sup>. Porén, cómpre matizar dúas cuestións:

- A concisión non pode lograrse a custa da precisión inherente á terminoloxía, xa que esta é un valor de importancia superior, sobre todo nos ámbitos máis vinculados coas disciplinas científicas clásicas.
- O valor da concisión aumenta nas áreas de especialidade que acadan unha ampla difusión social (deportes, novas tecnoloxías...) e naquelas en que a vertente “comercial” –como por exemplo o sector servizos– xoga un papel importante.

Así, propostas de termos galegos como os presentados no *Vocabulario dos deportes* (Novo Folgueira, 1998) para substituír os anglicismos *smash* e *pole position* (*remate por riba da cabeza* e *primeira posición de saída*, respectivamente) partían desde o primeiro momento cunha importante pexa na súa competencia coas denominacións inglesas por gañar espazos de uso, e iso con independencia do nivel de asentamento destas últimas ou da difusión do repertorio en que os termos galegos se publicaron.

Actualmente, situacións bastante semellantes podemos atopalas nalgunhas propostas neolóxicas que pretenden substituír os anglicismos *e-mail* e *spam*. A desvantaxe pragmática obxectiva con que parten formas como *mensaxe de correo electrónico* e *bombardeo publicitario* / *bombardeo con correo lixo* –e non só polo alto grao de implantación dos estranxeirismos– non permite depositar moitas esperanzas nas posibilidades de éxito dos termos propostos.

## 5 Unha relación visible entre a denominación e o concepto favorece o uso do termo

Este criterio parece contradicirse co anterior pois o grao máis alto de transparencia, que é o que permiten denominacións case-definitorias como *disco compacto de memoria de só lectura* ou *recoñecemento óptico de caracteres*, vai obrigar a presentar longas denominacións sintagmáticas. Así e todo, é certo que en ámbitos moi especializados, a calidade descritiva do nome proposto é un fac-

denominacións xa están incorporadas ao léxico galego ata o punto de producir derivados da mesma maneira que o faría unha palabra patrimonial.

tor ao que cómpre atender.

Polo tanto, haberá que buscar solucións de compromiso que acaden niveis de calidade intermedios vistos desde calquera dos dous ángulos, e que teñan en conta cuestións como o grao de difusión que a priori vai ter o concepto e a área de especialidade a que pertence. Por veces, mecanismos de formación baseados en procedementos braquigráficos (siglación, truncación, acronimia...) permiten combinar de maneira aceptable ambas as dúas condicións. Así, as dúas denominacións mencionadas no parágrafo anterior son coñecidas hoxe a través das súas denominacións reducidas a siglas: *CD-ROM* e *OCR*<sup>29</sup>.

Un exemplo representativo de todo o devandito témolo no caso da enfermidade coñecida como *encefalopatía esponxiforme bovina*. Mentres o concepto non traspasou o ámbito da patoloxía veterinaria, esa denominación era a máis adecuada, dada a súa transparencia; pero cando a enfermidade se converteu nunha praga que afectou a toda a Unión Europea, e o termo saltou aos medios de comunicación, a súa lonxitude e o seu escaso valor connotativo convertéronse nunha pexa, o que provocou a aparición e a expansión de dúas denominacións sinónimas que destacaban pola súa brevidade (*EEB*) ou polo seu poder de connotación (*mal das vacas tolas*).

## 6 **Débense evitar cacofonías ou asociacións connotativas inadecuadas**

No punto 3 deste mesmo apartado indicamos a conveniencia de evitar o uso de termos vinculados a rexistros coloquiais ou vulgares da lingua en documentación especializada de carácter formal. Pero tamén pode ocorrer que esa relación con rexistros informais non sexa directa pero si facilmente perceptible para os usuarios por vías connotativas (como a cacofonía). Nestes casos, o resultado será semellante ao que se daría se o termo fose realmente popular ou vulgar: as posibilidades de aceptación da proposta van minguar xa que os usuarios hanse amosar reticentes ao emprego dun termo marcado negativamente.

<sup>24</sup> No anexo II ofrecemos unha listaxe dos recursos máis útiles a que o investigador galego pode acceder por esta vía, seleccionados tanto pola súa amplitude, como pola fiabilidade da información alí recollida.

Polo tanto, nós cremos que termos que coincidan total ou parcialmente con palabras que se consideran vulgares ou que remitan a elas por calquera vía connotativa só deben proporse se están vixentes nos usos reais<sup>30</sup>. Pola contra, se estas coincidencias aparecen en neoloxismos que pretenden substituír termos xa asentados pero considerados inapropiados, parece razoable desbotalos e buscar unha proposta alternativa, que evite engadir-lles dificultades ás xa intrínsecas de calquera proceso de substitución terminolóxica.

Por exemplo, aínda que tanto *silicona* como *icona* ou *emoticona* teñen unha evidente connotación negativa na segunda parte da denominación, non teñen

por que recibir valoracións idénticas, xa que o primeiro é un termo empregado abundantemente e ao que a cacofonía non lle supuxo polo momento ningunha pexa para a súa implantación. Pola contra, as outras dúas son formas incorporadas hai pouco ao galego para intentar ocupar o lugar do castelanismo *\*icono* e do anglicismo *\*emoticon*, respectivamente no ámbito da arte e da informática. Polo tanto, esa cacofonía pode ser un problema para a súa implantación, problema que tal vez sería posible obviar cunha proposta denominativa diferente.

- 7 **Se o termo que se avalía busca substituír outro que está ben asentado no uso, é aconsellable intentar manter os valores connotativos que este comportaba**

Moitos termos, especialmente os máis vinculados ao mundo comercial ou da comunicación, non se limitan a conectar unha denominación con un concepto, senón que a través do nome transmiten mensaxes subliminais que fan que os usuarios percibamos de maneira positiva ou negativa ese concepto. Na medida do posible, as propostas neolóxicas que se realicen deberían intentar manter esa información pragmática, xa que se prescindimos dela a suplantación do termo inadecuado vai ser moito máis difícil.

Vexámolo cun exemplo en español a denominación *yacimiento de empleo* emprégase para designar 'novos postos de traballo que se crean ou poden

<sup>25</sup> *Vid.* un estudio sobre a súa implantación en De Yzaguirre, Ll. *et alii* (2000).

crearse nun sector de actividade como consecuencia da aparición de novas necesidades da sociedade'. Á hora de presentar unha denominación galega a proposta máis previsible sería *depósito de emprego*, aproveitando a equivalencia citada por moitos dicionarios entre o español “yacimiento” e o galego “depósito”.

Porén, entre esas dúas posibilidades hai diferencias importantes desde o punto de vista subxectivo. O termo castelán conecta con expresións como “yacimiento de petróleo” ou “yacimiento de gas”, nas que van incluídos –aínda que só sexa subliminalmente– os trazos conceptuais de ‘busca’ e ‘extracción’ e nas que os materiais almacenados son valiosos. Pola contra, o termo galego non inclúe ningunha desas connotacións positivas, e si algunhas negativas, como as vinculadas a idea de ‘almacenamento’ relacionadas co substantivo *depósito*. En consecuencia, o valor connotativo que se deriva das dúas denominacións é moi distinto: mentres a do español nos remite a lugares en que, con esforzo e investigación se pode atopar algo valioso, como é o emprego, a do galego lévanos a pensar nunha almacenaxe do emprego sen máis.

No entanto, desde o galego tamén poderíamos propor denominacións que comportasen valores positivos moi semellantes aos do español e que por iso poderían ter máis posibilidades de éxito á hora da súa implantación. Unha forma como *filón de emprego*, perfectamente correcta desde o corpus léxico do galego, mantén a metáfora denominativa no mesmo ámbito da minaría e outórgalle ao concepto as connotacións positivas que desprende o substantivo “filón”, vinculado subliminalmente aos metais e minerais preciosos.

#### **4. Resultado e conclusións da avaliación**

O proceso de avaliación que acabamos de describir permitíranos emitir un xuízo sobre a calidade dos termos recollidos na etapa 2. En función da valoración positiva ou negativa que deste se desprenda haberá que emprender iniciativas diferentes.



#### **4.1. Avaliación positiva**

Se chegamos á conclusión de que algún dos termos analizados é apropiado para ser utilizado nas comunicacións técnicas en galego, haberá que ofrecelo como resposta á consulta que puxo en marcha toda a investigación (*vid.* a etapa 6).

#### **4.2. Avaliación negativa**

Se ningún dos candidatos recollidos ten calidades abondas como para recomendar o seu emprego, será preciso elaborar unha proposta neolóxica que intente substituílos. Cando se lle transmita á persoa consultante o resultado da investigación, será interesante tamén explicar por qué razóns as formas recollidas na documentación real non se consideran recomendables.

O proceso de elaboración da nova proposta ten que organizarse arredor duns poucos principios xerais que lle dean coherencia ao proceso de modernización terminolóxica do galego e que basicamente coinciden cos indicados no capítulo 3<sup>31</sup>.

Para intentar poñelos en práctica de xeito organizado e priorizar aqueles que na nosa opinión deben potenciarse como vía de modernización e depuración do corpus léxico do galego presentaremos no apartado seguinte unha secuenciación orientativa dese proceso de elaboración.

### **5. Elaboración da proposta neolóxica: etapas**

A secuenciación que aquí se propón non pretende ser máis ca unha orientación xenérica que, segundo as características particulares de cada investigación, poderá seguirse de maneira máis ou menos fiel. Somos conscientes de que non é factible establecer un protocolo fixo que sexa aplicable á diversidade de situacións comunicativas, áreas de especialidade, niveis de tecnicidade, etc. con que hai que enfrontarse nos distintos traballos terminográficos puntuais; de feito, en moitos dos estudos sobre a materia só se presenta unha lista de criterios que se poden poñer en xogo, sen establecer prioridades na súa aplicación.

<sup>26</sup> Para máis información sobre os procedementos de busca, *vid.* o apartado 2.2.

<sup>27</sup> *Vid.* en relación con isto o estudo que Gómez Guinovart e Lorenzo Suárez (2001) fan das características da neoloxía informática en galego.

Porén, é posible atopar outros traballos nos que si se propón algún tipo de secuenciación dos criterios –Termcat (1990) para o catalán, Alves (1996) para o portugués brasileiro, Gutiérrez Rodilla (1998: 181–98) para o español ou Dosil (1997: 42–45) e Castaño e González (2001) para o galego–; sobre eles e sobre a nosa propia experiencia persoal fundamentaremos a secuencia de pasos que indicamos a continuación.

Os procedementos de innovación léxica nun idioma poden seguir dous camiños: a neoloxía de formación propia, que se basea en compoñentes e mecanismos de formación de palabras propias do galego, e a neoloxía de préstamo, que aproveita formas ou modos de creación doutros idiomas. Aínda que por razóns de claridade metodolóxica os imos tratar como bloques ben delimitados, a realidade é que as fronteiras entre un e outro procedemento non están claras, como poñen de relevo categorías como as “creacións inducidas”, innovacións que non seguen estritamente pautas doutras linguas, pero nas que é posible percibir unha influencia máis indirecta de modelos estranxeiros<sup>32</sup>.

Tendo en conta varios dos criterios indicados na etapa 3 (preferencia por formas galegas sobre os préstamos, preferencia por formas que respecten as características estruturais do galego...) parece preferible explorar en primeiro lugar as posibilidades de innovar a través de procedementos propios desta lingua e, se isto non fose viable por calquera razón, adoptar un préstamo.

En calquera dos dous casos as calidades pragmáticas da proposta débense ter en conta xa que neoloxismos que esquezan aspectos como a adecuación ao nivel de lingua, a precisión, a brevidade, as asociacións connotativas que implica, etc. están probablemente condenados ao fracaso.

### ***5.1. Valorar as posibilidades ofrecidas pola neoloxía de formación propia***

Este tipo de neoloxía ofrece dous camiños que se poden seguir: o da innovación semántica ou de sentido, que permite elaborar un novo termo usando un novo concepto e unha denominación xa existente en galego; e o da innovación formal, a través do cal o termo se constrúe unindo un concepto e unha denominación novos en galego.

---

<sup>32</sup> De feito, é perceptible na práctica totalidade das linguas occidentais a tendencia a presentar formas abre-

Normalmente, adoita recorrerse á neoloxía de formación propia cando

- as linguas veciñas ofrecen denominacións diverxentes para o concepto sobre o que estamos traballando
- o mecanismo neolóxico que nesas linguas se empregou tamén forma tamén parte dos nosos recursos formativos (por ex. a composición culta)
- o galego conta xa cunha denominación propia para un concepto moi próximo, de tal xeito que se pode reutilizar como signifiante do novo signo.

O uso desta vía de creación neolóxica outórganos maior liberdade e permítenos propoñer un termo no que se vincule claramente denominación e concepto e que respecte a estrutura fonética e morfolóxica da lingua. Porén, é preciso que esa proposta sexa aceptada polos seus futuros usuarios, pois moitas veces estes amósanse reticentes a empregar neoloxismos galegos que non veñan apoiados por formas paralelas nalgunha das linguas de maior peso demográfico do noso contorno.

Así, para o concepto do ámbito da construción que podemos definir como ‘diminuír o grosor dunha superficie, especialmente dunha prancha de madeira ou dun encofrado’ emprégase en castelán a denominación *regruesar* e, por influencia dela, *regrosar* en galego. Pola contra, despois de analizar esta última convencémonos da necesidade de achegar unha proposta neolóxica, xa que o uso do prefixo re- parece apuntar máis cara a un aumento ca a unha diminución do grosor do obxecto (cfr. con *reconstruír*, *realzar*, *repintar...*).

As formas que se propoñen son *desgrosar* ou *rebaixar*, que manteñen unha relación moito máis transparente co concepto. Pero con independencia da súa maior calidade, estes neoloxismos galegos só chegarán a acadar un uso significativo se os usuarios reais da documentación técnica galega os consideran adecuados e aceptan e potencian o seu uso.

### 5.1.1. Posibilidades da neoloxía de sentido

Esta vertente da neoloxía de formación propia manifesta a súa maior rendibilidade naquelas áreas especializadas ou semiespecializadas en que o galego tivo unha presenza significativa ao longo da historia, como por exemplo o mundo agrogandeiro e forestal, a pesca,

as industrias transformadoras destes produtos (conserveiras, cárnicas, vitícolas...), a construción, a veterinaria, a medicina natural, o mundo xurídico-administrativo, etc.<sup>33</sup>

En ocasións pode ocorrer que determinados termos presenten denominacións inadecuadas na documentación estándar, pero que en certas variedades non-estándar do galego (diatópicas ou diacrónicas especialmente) se conserven termos que contan con denominacións de máis calidade cás que se empregan no estándar. Se iso ocorre, será conveniente intentar reintegrar esa denominación no estándar léxico do galego.<sup>34</sup>

Tamén é posible que o concepto para o que buscamos nome non teña denominación adecuada en galego, pero si exista unha para designar outro concepto moi semellante. Nese caso, poderíase intentar a reutilización desa denominación asociándoa ao novo concepto, aplicando o procedemento que exemplificamos na páxina 38 con *chumaceira*.

Este mesmo criterio lévanos a propoñer *moega* como denominación galega para o concepto que poderíamos definir como ‘Funil grande, con forma de cono ou pirámide invertidos que serve para almacenar materiais, normalmente gra ou areas, e para descargalos directamente sobre algún medio de transporte’ e que en castelán se coñece como *tolva*. Para chegar a esta conclusión optamos por reaproveitar a denominación que o galego emprega para denominar un utensilio de forma e función semellante que almacena e verte progresivamente a gra sobre a quenlla do muíño.

Este proceso de reutilización levarase a cabo se non interfere sobre a precisión dos termos. Debemos evitar, por exemplo, estender a denominación dun concepto xenérico a outro que sexa específico con respecto a este, xa que o conxunto vai recibir o mesmo nome ca un dos seus constituíntes, cos problemas de ambigüidade que iso pode provocar.

Como ilustración deste problema, véxase o comentario que se fai en Castaño e González (2001: 66–67), sobre os problemas que crea a reutilización da denominación *abelorio*, para designar a ‘pequena chapa circular brillante, que se cose sobre os tecidos como viadas dos termos na comunicación especializada. Para iso recórrase a procedementos brauigráficos como a siglación (*ADN, REM, TAC, ATP...*), a acronimia (*parsec, teflón, ofimática...*) ou a truncación (*glía, spin...*).

<sup>29</sup> En determinados casos, o proceso de siglación ten tanto éxito que a forma abreviada acábase lexicalizando totalmente ata o punto de perder a tipografía maiúscula e integrarse na lingua como unha palabra máis (por ex. *láser, ovni, bit...*).

ornamento' (en castelán *lentejuela*) xa que introduce ambigüidades tendo en conta que ese nome designaba previamente en galego unha 'boliña pequena, xeralmente de vidro, cun buraquiño polo que se enfía con outras pezas iguais para formar colares, adornos, etc.'.

Esta vía de creación neolóxica debe tamén compatibilizarse co principio xeral que aconsellaba establecer solucións terminolóxicas harmónicas coas das linguas do noso contorno lingüístico e cultural. Polo tanto, cando todos os idiomas veciños se inclinen por un termo idéntico ou moi semellante, cumprirá ser prudentes á hora de recomendar solucións neolóxicas que nos separen deles, aínda que sexan propias do galego. Neste tipo de casos podería aplicarse unha estratexia mixta consistente en recoller como sinónimos o termo propio e o coincidente coas linguas veciñas e deixar que sexan os usuarios os que elixan o máis conveniente.

Por exemplo, no ámbito da odontoloxía, unha *ponte* é un 'medio para soste un dente ou dentes artificiais, fixado aos dentes naturais ou raíces adxacentes'. Á hora de denominar ese dente, comprobamos que as linguas do contorno imitan o inglés *pontic* e recorren a *póntico* (castelán), *pôntico* (portugués) e *pontique* (francés). Tendo en conta a escasa capacidade descritiva desas formas pareceunos mellor propor o uso do neoloxismo de sentido *dente de ponte*, moito máis transparente. Agora ben, a difusión do anglicismo en todas as linguas veciñas fixo que mantivésemos tamén como sinónimo complementario o calco *póntico*.

### 5.1.2. Posibilidades da neoloxía formal

Como dicíamos máis arriba, a través da neoloxía formal créanse termos que introducen novas denominacións no corpus léxico do galego seguindo os procedementos habituais de formación de palabras (derivación, composición, sintagmación e compresión)<sup>35</sup>. Este mecanismo neolóxico é usual cando

- se trata de nomear un concepto que xurdiu en galego

Denominacións de tendencias ou correntes políticas propias do panorama galego, como *fraguismo*, *vazquismo*, *beirismo*... formadas sobre o antropónimo do líder político correspondente constrúense seguindo este mecanismo.

<sup>35</sup> Estamos pensando en termos que pertencen a rexistros formais; se se trata de unidades empregadas só en contextos coloquiais habería que aplicar o dito no punto 3.

- nas linguas do contorno se recorreu a mecanismos autóctonos de formación de palabras para denominar o concepto sobre o que traballamos.

En moitos dos exemplos que poderíamos sinalar é difícil determinar canto hai de propio e canto de emprestado, xa que as creacións neolóxicas do galego adoitan desenvolverse en paralelo a procesos semellantes seguidos nas linguas veciñas –e probablemente inducidos por eles.

Por poñer só dous exemplos, aínda que termos como *aparellaxe* ou *dopaxe* se consideran como neoloxismos formais en galego, non parece aventurado supor que os termos do castelán *aparataje* e *dopaje* tiveron algunha influencia na elección do sufixo desubstantival –axe entre o abano de alternativas posibles.

Algo moi semellante se podería dicir dos termos formados por composición culta, xa que moitos deles créanse nas linguas produtoras de coñecementos, basicamente en inglés, e os outros idiomas limitanse a importar o mecanismo de formación e reproducilo cos seus propios formantes.

O devandito non quere dicir que non se poidan rexistrar en galego procedementos de formación de palabras diverxentes cos existentes en linguas veciñas, procedementos que, logo de detectados, deben ser potenciados nos procesos de creación neolóxica.

Así, por exemplo, é moi frecuente que os substantivos que designan labores agrícolas ou forestais estean formados por derivación regresiva a partir dos verbos correspondentes, como podemos comprobar comparando substantivos como *ara*, *decrúa*, *sega*, *labra*, *sacha*, *ata*, *rega*, *corta*, *rapa*, *poda*... cos verbos dos que proceden. Tendo en conta isto, parece lóxico intentar aproveitar este esquema á hora de denominar os novos labores ou técnicas (*despunta*, *grada*, *ensila*...) aínda que con frecuencia os dicionarios e vocabularios optan por procedementos de formación de palabras paralelos –¿e inspirados?– nos do castelán (*ensilado*, *gradado*, *gradadura*, *despuntado*, *estacado*...).

## **5.2. Optar pola neoloxía de préstamo**

En xeral vaise recorrer ao préstamo como procedemento de formación de neoloxismos se

- non é posible aplicar con posibilidades de éxito ningún dos mecanismos de neoloxía de sentido descritos en 5.1.1.
- as linguas veciñas utilizaron tamén este mesmo procedemento na creación do termo equivalente, especialmente se todas elas se remontan a unha fonte común
- é a vía de modernización terminolóxica que se está empregando habitualmente na mesma área de especialidade.

Os neoloxismos de préstamo divídense en dous grandes subtipos: os “préstamos por importación”, que incorporan inalterada ou con escasas modificacións a denominación que un termo determinado recibía noutra lingua, e os “préstamos por substitución”, que copian un proceso denominativo empregado noutro idioma aproveitando significantes que xa existían na lingua receptora.

Termos hoxe integrados no corpus léxico do galego como *software*, *tóner*, *carst* ou *biatlón* presentan formas que reproducen exactamente ou con mínimas modificacións as denominacións empregadas en linguas do noso contorno para referirse aos mesmos conceptos.

Fronte a eles, outros como *enfermidade das vacas tolas*, *ligazón* ou *tomografía axial computadorizada* empregan significantes previamente existentes en galego, pero no seu proceso de elaboración imitáronse os pasos que permitiron crear en inglés *mad cow disease*, *link* ou *computerized axial tomography*.

#### 5.2.1. A través do préstamo por substitución

O préstamo por substitución vai ser o mecanismo neolóxico dominante se na lingua fonte o termo se formou aproveitando unha denominación previamente existente ou combinando dúas ou máis para formar unha nova unidade.

En xenética, por exemplo, estase empregando o substantivo *peneirado* para designar a ‘operación de identificación e de escolla de clons’, imitando o *screening* do inglés e sobre todo o *criblage* do francés e o *cribado* do castelán.

De igual forma, para a ‘variedade dun tipo de asbesto azul que aparece tinguido de marelo ou pardo a causa do óxido de ferro’ propónse a denominación *ollo de tigre*, copiando o inglés *tiger’s eye*, o francés *oeil de tigre*, o castelán *ojo de tigre* e o portugués *olho-de-tigre*.

Agora ben, esta tendencia xeral vaise ver mediatizada por unha serie de factores que poden facer que a vía da substitución sexa máis ou menos posible:

- 1 O grao en que os usuarios do termo sexan conscientes de que existe unha relación entre a denominación da lingua emprestadora e outra do galego. Canto maior sexa esa consciencia máis doado será que un neoloxismo por substitución calle no uso, xa que a relación entre a nova denominación e o concepto vai seguir sendo visible.

Por exemplo, a implantación no galego do neoloxismo *morte súpeta* ('síndrome que provoca a morte repentina e inexplicable de nenos aparentemente saudables, ocorrida normalmente entre as tres semanas e os cinco meses de idade') veuse favorecida pola transparencia da denominación inglesa (*crib death*) que facía relativamente fácil establecer unha equivalencia nos medios especializados en que se manexa este termo.

Da mesma maneira, o feito de que a equivalencia "bell↔campá" sexa en xeral coñecida polo usuario culto do idioma favorece que a 'terceira etapa do proceso de desenvolvemento dentario' (en inglés *bell*) reciba en galego o nome de *campá* ou *etapa de campá*. Evidentemente, a confirmación que supoñen as denominacións correspondentes das linguas veciñas (*campana* ou *etapa de campana* –castelán–, *campânula* ou *etapa de campânula* –portugués– e *cloche* ou *stade de la cloche* –francés–) favorece a elección e o asentamento do préstamo por substitución.

- 2 Se existe unha diferenza clara entre os trazos definitorios do concepto ao que se vincula actualmente a denominación e aquel para o que queremos reutilizala. Canto maior sexa esa diferenza máis fácil será que o préstamo por substitución calle no uso, xa que se reducen as posibilidades de que o emprego da denominación provoque ambigüidades<sup>36</sup>.

Así, a pesar de que as fontes lexicográficas e terminográficas galegas desaconsellan a importación do anglicismo *stress*, e propoñen no seu canto o préstamo por

<sup>36</sup> Cfr. cos criterios indicados en ISO (1987), Cabré (1992), Sager (1993) ou, xa no ámbito galego, Dosil (1997) ou Castaño e González (2001).



substitución *tensión*, a denominación inglesa parece asentada en galego ata o punto de circular na documentación cunha forma adaptada (*estrés*) e de xerar novas palabras segundo mecanismos de formación autóctonos (*estresar, estresante...*).

Entre as razóns que explican o fracaso da proposta de substitución pode incluírse, na nosa opinión, o feito de que *tensión* remite a un concepto moi próximo, pois é unha denominación popular da ‘presión arterial’.

- 3 Se existe algunha vinculación ou semellanza, quer nun plano real, quer no metafórico, entre o concepto que presta a denominación e aquel ao que se lle quere aplicar.

Esa vinculación existirá con seguridade na lingua da que se copia o mecanismo, pero debe existir tamén en galego, para que se manteña un certo grao de motivación na relación entre denominación e concepto.

Para designar a ‘pequena cavidade que se forma nun formigón por causa da segregación da mestura durante a posta en obra ou por fallas na consolidación’ o inglés, o francés e o portugués explotan a semellanza desas cavidades coas que as abellas fan nos tocos das árbores (*honeycombing, nid de cailloux* e *abelheiro*, respectivamente), mentres que o castelán emprega *coquera*, que fai referencia tamén ás oquedades que aparece no interior das pedras. Na documentación en galego emprégase fundamentalmente o castelanismo, directamente (*\*coquera*) ou cunha pequena adaptación (*\*coqueira*).

Despois de valorar a situación e decidir a necesidade de propor un neoloxismo que nos achegue á maioría das linguas veciñas, aconsellamos a reutilización de *favo*, calcando o proceso denominativo destas, xa que a vinculación entre o concepto primario e o novo permite realizar a extensión metafórica da denominación.

### 5.2.2. A través do préstamo por importación

O préstamo por importación emprégase sobre todo cando na lingua emprestadora se recorreu á neoloxía formal para elaborar o termo. Agora ben, tamén é frecuente integrar

deste xeito denominacións que cumprirían as condicións para ser obxecto dun proceso de substitución, se se trata de formas illadas que non van alterar os campos denominativos nin introducir paradigmas derivativos alleos á estrutura do galego.

Un exemplo da primeira das situacións vémoste en *paraquat* ('clase de herbicida e defoliante de toxicidade moi elevada') importado directamente desde o inglés, onde se formou por truncación de "para- + quaternary".

Como ilustración da segunda situación podemos apuntar o caso de *bracket* (tamén se podería grafar como *bráquet*), un aparello empregado en odontoloxía, que procede do termo homónimo do inglés, onde é un neoloxismo semántico sobre unha palabra previamente existente e que designa conceptos moi próximos aos galegos "escuadra" ou "soporte".

Como norma xeral, débese buscar a adaptación das denominacións importadas ás pautas ortográficas, ortofónicas e morfosintácticas do galego, o que fai que, por exemplo, consideremos preferible *bagueta* a *baguette* ou *ficción científica* a *ciencia-ficción*.

Agora ben, en determinadas circunstancias esa tendencia á adaptación fica inactivada, e o préstamo intégrase no galego cunha denominación idéntica á da lingua emprestadora. As máis importantes desas circunstancias son as seguintes:

- 1 Os conceptos que se van integrar aluden a realidades propias e exclusivas doutros sistemas económicos, políticos, sociais ou culturais.

Casos como *kibbutz*, *kolkhoz* ou *bodhran* exemplifican claramente o que intentamos dicir. Con todo, non podemos obviar o feito de que en moitas ocasións o que integramos no galego non é a denominación orixinal senón o resultado da adaptación ou da transliteración que algunha lingua próxima a nós fixo dela.

- 2 Todas ou a meirande parte das linguas do noso contorno integraron eses termos sen modificar a súa denominación.

Nese caso, primárase a busca da harmonización sobre a vontade de axeitar o préstamo ás particularidades do galego.

O caso de *bracket* volve servírnos como exemplo: só en catalán (*bràquet*) e parcialmente en portugués (alternan *bracket* e *bráquete*) se rexistran usos significativos das denominacións adaptadas. O mesmo se podería dicir de *quark*, anglicismo recollido sen modificacións polas principais linguas occidentais.

- 3 O termo provén dunha base toponímica ou antroponímica.

Se iso acontece é aconsellable manter os grafemas que explicitan a relación co nome propio de que se trate.

Exemplos disto podemos velos con moita frecuencia na denominación de correntes políticas, filosóficas, económicas... (*trotskismo, kantismo, stajano-vismo, taylorismo, keynesianismo...*), na de enfermidades (*leishmaniose...*), instrumentos (*kitasato, erlenmeyer...*), etc.

- 4 A denominación do termo é unha marca rexistrada.

Isto aconsellará non realizar modificacións sobre ela, xa que este tipo de nomes comerciais están sometidos a unha serie de restricións legais que o impiden<sup>37</sup>.

Polo tanto, formas como *maizena, jacuzzi, tipp-ex, post-it, rotring*, etc. deben conservarse e empregarse en documentos galegos sen ningunha adaptación.

Nos casos en que a adaptación se produce adoita tomar como base unha serie de correspondencias que se establecen entre secuencias gráficas doutros idiomas (basicamente francesas e inglesas) e secuencias galegas, debido á proximidade ou á identidade dos sons que representan, tanto vocálicos como consonánticos. No anexo IV podemos ver unha análise máis detallada das correspondencias máis produtivas en galego.

## 6. Validación da proposta neolóxica e resposta ao consultante

Nesta etapa do proceso debemos contar xa cunha proposta de resposta para o problema que puxo en marcha a investigación.

<sup>32</sup> Vid. máis información en Gómez Capuz (1998: 40-43).

<sup>33</sup> Pola contra, a súa utilización vai ser menor en áreas de especialidade que manexan conceptos moi afasta-

En función das características desa resposta, e sobre todo da fonte en que se documentara, o seu grao de fiabilidade vai ser distinto: recollela dun repertorio terminográfico, dun dicionario xeral de lingua ou dunha obra avalada pola RAG, por poñer tres exemplos, constitúen estadios crecentes de fiabilidade que van incidir sobre a maneira en que lle presentamos os datos á persoa consultante<sup>38</sup>.

No caso de que a solución proveña dunha fonte pouco fiable, ou se trate dunha proposta neolóxica que nós mesmos elaboramos, é moi aconsellable buscar algún tipo de aval que reafirme o acerto da nosa decisión. Desde hai uns poucos meses, Termigal puxo en marcha Arrecada <<http://www.cirp.es/res/arrecada/arrecada.html>>, un servizo que parece perfectamente acaído para cubrir esa necesidade xa que ten como finalidade “arrecadar e someter a estudio e discusión problemas e propostas denominativas sobre termos cos que tradutores, traballadores de servizos de normalización lingüística, científicos e outros profesionais se atopan na súa actividade diaria”. En teoría, o proceso iniciárase cunha dúbida ou unha proposta terminolóxica que se sometería a validación a través dun formulario de consulta e que máis tarde se discutiría na rolda Terminoloxía do Consello da Cultura Galega para rematar coa difusión a través de Internet da decisión adoptada (a aceptación da proposta inicial ou a elaboración dunha alternativa denominativa). Pero na realidade o seu funcionamento é ata o presente -outubro de 2003- mínimo: só catro dúbidas arrecadadas a través desa ferramenta foron discutidas na rolda terminolóxica devandita, ningunha das cales ten aínda unha proposta definitiva.

Nesas condicións, a busca dun aval dese tipo vai ser inviable, principalmente pola urxencia coa que cómpre traballar en terminografía puntual e que chocaría coa necesidade de ter que agardar polo ditame académico. Porén, sempre podemos acceder a un certo grao de dos da vida cotiá, e cunha alta compoñente tecnolóxica (enxeñaría, física, química, medicina...), xa que o galego non estivo presente nelas ata datas moi recentes, e as innovacións denominativas adoitan vir influídas dun ou doutro xeito polas linguas dominantes neses ámbitos.

<sup>34</sup> Os esforzos máis salientables nesta dirección centráronse no tecnolecto xurídico-administrativo. *Vid.* algunhas propostas de recuperación de arcaísmos en Boullón Agrelo e Tato Plaza (1990) e de dialectalismos en Santamarina (1985).

<sup>35</sup> Para ampliar información sobre este procedemento neolóxico pódese consultar Freixeiro Mato (1999), Álvarez Blanco e Xove Ferreiro (2002).

validación técnica discutindo a proposta de resposta coa persoa que formulou a dúbida –se este é un especialista desa área temática– ou co autor do documento que a provocou –se a consulta procede dun mediador lingüístico (tradutor, editor, corrector...) e non dun especialista.

Polo tanto, a resposta que ofrecemos debe presentarse sempre como provisional e aberta á discusión, nunca como unha cuestión pechada. Nela deberían indicarse as diversas alternativas que manexamos e os pros e os contras de cada unha delas, así como as razóns que nos levan finalmente a defender unha en concreto.

O resultado desta posta en común debe ser unha proposta consensuada e aceptable tanto para o terminólogo como para o especialista. Se ese consenso non é posible sobre ningunha das alternativas propostas, deberíamos volver sobre a investigación realizada para recuperar algunha das formas desbotadas ou para elaborar unha nova proposta neolóxica.

## ALMACENAXE E DIFUSIÓN DA TERMINOLOXÍA CREADA

As dúas cuestións de que nos imos ocupar neste apartado quedan fóra do que é o traballo terminográfico en sentido estrito, pero parécenos interesante facer unhas breves anotacións sobre elas xa que o esforzo realizado na elaboración das propostas puntuais só é rendible na medida en que estas poden ser consultadas e reutilizadas facilmente e con rapidez por nós mesmos ou por terceiras persoas.

A maneira máis práctica de almacenar os resultados das investigacións puntuais é ir compilando unha pequena base de datos electrónica en calquera dos sistemas de xestión de bancos de datos máis difundidos. Para iso, deberemos contar tamén cun modelo de ficha terminolóxica que permita recoller e ordenar toda a información interesante –que pode ser unha ou outra segundo as características dos traballos– e recuperala da maneira máis flexible posible.

O catálogo máis amplo de datos que se poden incluír é o citado en ISO (1999). Esta norma presenta dez seccións –dentro das cales se recolle un amplo número de “data categories”– agrupadas en catro clases<sup>39</sup>:

### **a**    **Termos**

1 denominacións [nas distintas linguas de traballo]

### **b**    **Información relacionada cos termos**

2 datos relacionados coas diferentes denominacións

- características da denominación (principal, sinónimo, variante, abreviación...)
- información gramatical (tipo de palabra, xénero, número...)
- tipo de uso (dialectal, popular, antigo...)
- situación con respecto ao estándar (normativo, desaconsellado...)

...

<sup>39</sup> Lémbrese tamén o dito máis arriba sobre os riscos de reaproveitar a denominación dun concepto xenérico para aplicala a outro máis específico ca aquel.

3 equivalencia

- ¿falsos amigos?
- direccionalidade da equivalencia
- fiabilidade

**c Información descriptiva**

4 área temática

5 datos relacionados coa descrición do concepto

- definición
- explicación
- contexto
- exemplo
- ilustracións

6 tipo de relación con outros conceptos

7 estruturas conceptuais

8 notas

**d Información de xestión**

9 linguaxe documental

10 datos de xestión

- data [de creación, de modificación, de revisión, de estandarización...]
- responsabilidade [autor, modificador, revisor...]
- ¿pertence a unha sub-base de termos?
- propostas de modificación
- símbolos de linguas

...

A vocación de universalidade e de totalidade que é característica das normas ISO explica o grao de detalle a que se chega na enumeración de categorías. Agora ben, na inmensa maioría dos casos non se pretende recoller unha información tan exhaustiva, o que provoca que os autores das fichas seleccionen aquelas categorías que son relevantes para o obxectivo da compilación.

Centrándonos no contexto galego, o modelo de ficha máis empregado durante a década dos 90 foi o descrito en Díaz Abraira (1990)<sup>40</sup>. Nestes últimos anos, ao abeiro de proxectos vinculados á modernización do galego fóronse deseñando sistemas de xestión de información terminolóxica que aproveitan as potencialidades que ofrece a informática e que presentan modelos de ficha que recollen e organizan un volume de información maior.

O máis completo é o empregado en Arrecada <<http://www.cirp.es/res/arrecada/arrecada.html>>, que presenta un formulario no cal se recollen para cada unha das linguas de traballo os seguintes campos:

- termo galego (campo de control que vincula todas as denominacións dun concepto)
- termo (denominación nunha lingua determinada)
- tecnolecto
- lingua (idioma da denominación incluída en “termo”)
- termo problemático
- fontes lexicográficas (da denominación citada en “termo”)
- datos gramaticais (categoría, locución, xénero e réxime)
- nome científico (nome latín ou grego empregado para designar certos conceptos)
- sigla/símbolo galego
- categoría da sigla
- definición (citando ao final dela a fonte de que se recolle)
- contexto (citando ao final del a fonte de que se recolle)
- etimoloxía
- observacións
- autoría

<sup>37</sup> A pesar do devandito, en niveis non especializados da lingua e a medida que a denominación se vai convertendo nun nome xenérico que designa un tipo de produto e non unha marca comercial concreta, é frecuente que esta se vaia adaptando ás particularidades gráficas ou fonéticas de cada unha das linguas.





Intentando buscar o mínimo denominador común dos distintos modelos que vimos ata agora, cremos que unha proposta de contidos aceptable para un modelo de ficha terminolóxica sería aquel que recollese:

- a definición do concepto, citando a fonte ou fontes de onde se tira
- a área temática a que pertence ese concepto
- a denominación que recibe en galego, citando a fonte ou fontes de onde se tira
- a categoría gramatical desa denominación
- un contexto real no que se empregue esa denominación como designación do concepto definido, citando a fonte ou fontes de onde se tira
- variantes da denominación galega que se documenten tamén no uso, citando a fonte de procedencia
- outras denominacións galegas relacionadas, indicando o tipo de relación que presentan (sinonimia, forma desaconsellada, termo xenérico, termo específico...) e a fonte de procedencia
- denominacións empregadas noutros idiomas para designar ese mesmo concepto, indicando a fonte da que se extraen
- observacións que se consideren pertinentes en relación coa información recollida
- citación de elementos de apoio que axuden a identificar o concepto (ilustracións, ligazóns web, etc.)
- datos de xestión da ficha (autor/ra, data de elaboración, revisor/ra, data de revisión...)

Pero ademais, a utilidade do noso traballo terminográfico vaise multiplicar exponencialmente se conseguimos facerllo chegar a un número grande de potenciais usuarios. A maneira máis práctica de conseguir iso sería remitir os termos creados a unha entidade que se encargase de recoller, harmonizar e difundir (idealmente a través dun dicionario electrónico ou dun banco de datos) o volume de propostas que lle cheguen desde os diversos

centros de creación do país. Esa é a intención que está detrás da posta en marcha do proxecto Arrecada, xa varias veces mencionado, pero máis arriba indicamos tamén que polo de agora a produtividade desa iniciativa é moi escasa.

Unha forma de intentar superar esas eivas na difusión das propostas terminolóxicas é a interrelación dos usuarios e produtores de terminoloxía galega aproveitando as canles abertas gracias ás novas tecnoloxías. Unha das máis fructíferas está sendo a creación de roldas de información e debate terminolóxico nas cales cunha mecánica de traballo colaborativo fórmulanse e respóndense consultas, débátese propostas de termos, difúndense repertorios ou traballos minitemáticos, etc. As tres máis activas en relación coa terminoloxía galega son:

- Tradgal (<http://www.elistas.net/lista/tradgal>), creada en 2002 e centrada en problemas de tradución desde/para o galego.
- Terminoloxía (<http://www.consellodacultura.org/interaccion/foros/terminoloxia.php>), creada en 2003 pola Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega e centrada especificamente en terminoloxía galega.
- Lexiterm-USC- (<http://www.listas.usc.es/listas/usc-lexiterm.html>), creada en 2003 pola Área de Linguaxes Especializadas do Servizo de Normalización Lingüística (SNL) da Universidade de Santiago de Compostela, que pretende crear un foro de especialistas desa institución que poidan funcionar como validadores de neoloxismos especializados elaborados no SNL.

# **ANEXOS**

## ANEXO I

### A produción terminográfica galega: unha listaxe non-exhaustiva<sup>42</sup>

Neste apartado imos presentar unha selección de recursos bibliográficos dedicados total ou parcialmente á compilación e presentación de terminoloxía galega. Para elaborala partimos dunha compilación previa feita polo Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia sobre a que eliminamos ou engadimos unhas poucas referencias.

O noso enfoque á hora de incluír ou excluír traballos foi moi pragmático. Así, non recolleemos soamente repertorios terminográficos en sentido estrito (diccionarios, vocabularios, glosarios, léxicos...), senón tamén un amplo abano de produtos bibliográficos nos que a información terminolóxica ten unha presenza relevante (guías botánicas e zoolóxicas, glosarios de manuais ou estudos, libros de receitas...). Con todo, a compilación non ten vocación de exhaustividade, polo menos á hora de recoller materiais non estrictamente terminográficos<sup>43</sup>, senón que preferimos incluír unicamente aqueles que na nosa opinión teñen unha relevancia destacable como fontes de consulta do léxico científico e profesional galego. Tendo en conta isto, deixamos fóra desta selección:

- Os traballos que estudian xirias de oficios (canteiros, telleiros, zoqueiros...). Entendemos que describen niveis de lingua non-estándar que quedan fóra do ámbito de estudio da terminoloxía.
- As edicións de documentación medieval, aínda que inclúan glosarios léxicos. En principio, poderían ter unha utilidade significativa como materiais de consulta na elaboración dun traballo terminográfico sistemático, pero cremos que o seu grao de interese para as investigacións puntuais mingua polo feito de describir un estado de lingua moi antigo e por carecer dun enfoque temático.
- Nomenclaturas moi antigas.
- 0 (termo sen estudar)
- 1 (termo documentado en textos especializados)
- 2 (termo documentado en vocabularios terminolóxicos)
- 3 (termo documentado en obras lexicográficas)

Non dubidamos do valor histórico de moitas delas (como por exemplo dos estudos botánicos de Martín Sarmiento), pois supoñen os primeiros traballos preterminográficos desenvolvidos sobre o galego; pero a súa utilidade para a modernización terminolóxica do galego actual é tamén reducida.

- Estudos terminográficos puntuais<sup>4</sup>.

O corpus de fontes que resulta desa selección preséntase clasificado tematicamente, adaptando a organización xerárquica recollida no *Tesouro de la Unesco* (Unesco, 1995). Dentro de cada unha das categorías ordenamos as referencias por orde cronolóxica, desde as máis antigas ata a máis recentes. Ademais, para facilitar a busca por temas aplicamos dúas estratexias de presentación da información:

- 1 Dividimos nas súas partes constituíntes –e presentámolas por separado– as publicacións que agrupan traballos terminográficos independentes, moitas veces nin tan sequera pertencentes á mesma área temática (como é o caso dos distintos glosarios axuntados no *Vocabulario do medio físico*).
- 2 Aqueles traballos que poden incluírse en máis de unha área mencionámoslos en todas elas.

## A. CIENCIA E TECNOLOXÍA

1988 Santamarina, A.; M. González González: “Vocabulario científico galego–castelán de matemáticas, física e química”. En Santamarina, A.; M. González González: *Léxicos: matemáticas, física, química*. Santiago de Compostela, DXPL – Xunta de Galicia: 13–43.

1988 Santamarina, A.; M. González González: “Vocabulario científico castelán–galego de matemáticas, física e química”. En Santamarina, A.; M. González González: *Léxicos: matemáticas, física, química*. Santiago de Compostela, DXPL – Xunta de Galicia: 90–118.

- 4 (proposta neolóxica)
- 5 (termo sancionado pola RAG)

1993 Daviña Facal, L.: *Problemas co léxico científico. Algunhas propostas de solución*. [Santiago de Compostela], DXPL – Xunta de Galicia.

1999 Daviña Facal, L.: *Lingua e ciencia*. Vigo, Xerais.

### **A.1 Ciencias matemáticas**

1988 Santamarina, A.; M. González González: “Vocabulario de matemáticas”. En Santamarina, A.; M. González González: *Léxicos: matemáticas, física, química*. Santiago de Compostela, DXPL – Xunta de Galicia: 44–57.

1992 García Pérez, P.: *Diccionario de términos matemáticos*. El Boecillo–Valladolid, La Calesa.

1995 Masa Vázquez, X. M.; A. B. Fortes López (coord.): *Vocabulario de matemáticas*. Santiago de Compostela, Servicio de Normalización Lingüística da USC.

### **A.2 Ciencias físicas e ciencias do espacio**

#### **A.2.1 Física**

1988 Santamarina, A.; M. González González: “Vocabulario de física”. En Santamarina, A.; M. González González: *Léxicos: matemáticas, física, química*. Santiago de Compostela, DXPL – Xunta de Galicia: 58–75.

#### **A.2.2 Química**

1988 Santamarina, A.; M. González González: “Vocabulario de química”. En Santamarina, A.; M. González González: *Léxicos: matemáticas, física, química*. Santiago de Compostela, DXPL – Xunta de Galicia: 76–89.

2002 Guitián Rivera, X. (coord.): *Vocabulario de Química*. Santiago de Compostela, Servicio de Normalización Lingüística da USC. [Tamén consultable en <http://www.usc.es/snlus/vocab.htm>].

### **A.3 Ciencias da terra**

1988 Fernández Salgado, B.: “Terminoloxía xeográfica”. En Núñez Singala, M. C. *et alii: Vocabulario do medio físico*. Santiago, DXPL – Xunta de Galicia: 11–58.

- 1988 Núñez Singala, M. C.: “Xeografía humana e económica, asentamento rural e urbano”. En Núñez Singala, M. C. et alii: *Vocabulario do medio físico*. Santiago, DXPL – Xunta de Galicia: 59–82.
- 1990 Mirre, J. C.: *Guía dos minerais de Galicia*. Vigo, Galaxia.
- 1991 Brañas López, P.: “Xeoloxía”. En Sanjuán López, A. et alii: *Vocabulario das ciencias naturais*. Santiago, DXPL – Xunta de Galicia: 149–226; 381–430.
- 1994 Colectivo ‘A Corrente’: “Xeoloxía”. En *Léxico básico das ciencias naturais castelán-galego*. Santiago de Compostela, Servicio de Normalización Lingüística da USC: 37–48. [Tamén consultable en <http://www.usc.es/snlus/vocab.htm>].
- 1999 “O galego agropecuario”. *Xóvenes agricultores*, núm. 168: 164–165; núm. 169: 74–75; núm. 170: 56–57; núm. 171: 52–53; núm. 172: 102–103; núm. 173: 86–87.
- 2000 Daviña Facal, L.: *Diccionario das ciencias da natureza e da saúde*. A Coruña, Deputación [2 tomos: I (A–B) e II (C)].

#### **A.4 Ciencias do medio**

- 2000 Daviña Facal, L.: *Diccionario das ciencias da natureza e da saúde*. A Coruña, Deputación [2 tomos: I (A–B) e II (C)].
- 2002 Prado, D. (dir.): *Léxico do medio (catalán, corso, friulano, galego, ladino, occitano e sardo)*. Paris–Barcelona, Unión Latina–Termcat [Consultable en <http://www.linmiter.net/lexique/gallec.html>].
- s. d. CRTVG: *Rede Natura. Glosario de termos*. [Consultable en <http://www.crtvg.es/cgi-bin/natureza/glosario.asp>].

#### **A.5 Ciencias da vida**

- 2000 Daviña Facal, L.: *Diccionario das ciencias da natureza e da saúde*. A Coruña, Deputación [2 tomos: I (A–B) e II (C)].

##### **A.5.1 Bioloxía**

- 1988 Chouza Mata, M; R. Cid: *1300 nomes galegos de seres vivos: nomenclatura para o ensino do medio natural*. Santiago de Compostela, Follas Novas.



- 1991 Sanjuán López, A.: “Bioloxía fundamental”. En Sanjuán López, A. et alii: *Vocabulario das ciencias naturais*. Santiago, DXPL – Xunta de Galicia: 11–96; 283–350.
- 1994 Colectivo ‘A Corrente’: “Bioloxía fundamental”. En *Léxico básico das ciencias naturais castelán-galego*. Santiago de Compostela, Servicio de Normalización Lingüística da USC: 11–22.
- 1997 Fuentes Arderiu, X. (coord.): *Diccionario inglés-castellano-catalán-euskera-galego de biología y patología moleculares*. Barcelona, Sociedad Española de Bioquímica Clínica y Patología Molecular: 45–62.
- 1998 Míguez Rodríguez, Luís et alii: *Algas mariñas de Galicia: bioloxía, gastronomía, industria*. Vigo, Xerais. [Especialmente o glosario das pp. 267-271].

#### A.5.2 Botánica

- 1977 García, X. R. et alii: *Os arbres de Galicia*. Vigo, Comisión de ensino e investigación–Albe–Galicia.
- 1985 García Moreira, M. T.; M. S. Núñez Martínez: “Estudio de la vegetación de la comarca de Tuy”. *Carenal*, 11: 3–15.
- 1986 Ceballos Jiménez, A.: *Diccionario ilustrado de los nombres vernáculos de las plantas de España*. Madrid, ICONA.
- 1987 Antelo Docampo, P.; X. Penas Patiño: *As plantas*. [Santiago de Compostela], Museo do Pobo Galego: 83–86.
- 1988 Ruibal Cendón, I.; X. García Cancela e X. Torres Romar: “Os cultivos agrícolas”. En *Vocabulario do medio agrícola*. Santiago, DXPL – Xunta de Galicia: 205–270.
- 1988 Miramontes Castro, M. X.: “Terminoloxía de botánica e zooloxía”. En Núñez Singala, M. C. et alii: *Vocabulario do medio físico*. Santiago, DXPL – Xunta de Galicia: 115–128.
- 1988 Miramontes Castro, M. X.: “Nomes de plantas e fungos”. En Núñez Singala, M. C. et alii: *Vocabulario do medio físico*. Santiago, DXPL – Xunta de Galicia: 83–98.
- 1987 Armesto, F. (coord.): *Guía de las algas del litoral gallego*. A Coruña, Casa de las Ciencias–Concello da Coruña.

- 1989 Castro, M. *et alii*. *Guía das árbores de Galicia autóctonas e ornamentais*. Vigo, Xerais: 301–305, 311–317.
- 1990 Freire, L.; M. Castro: *Setas ou cogumelos de Galicia: descripción e receitas para a boa cociña*. Vigo, Xerais: [Especialmente o glosario das pp. 265–271].
- 1991 Chouza Mata, M.; R. Cid: “200 nomes galegos de herbas ventureiras”. *Boletín das ciencias*, 10: 22–26.
- 1991 Fernández Domínguez, M.A.: “Botánica”. En Sanjuán López, A. *et alii*. *Vocabulario das ciencias naturais*. Santiago, DXPL – Xunta de Galicia: 97–148; 351–380.
- 1992 Losada Cortiñas, E.; J. Castro González; E. Niño Ricoi: *Nomenclatura vernácula da flora vascular galega*. Santiago de Compostela, Consellería de Agricultura, Gandería e Montes – Xunta de Galicia.
- 1994 Colectivo ‘A Corrente’: “Botánica”. En *Léxico básico das ciencias naturais castelán-galego*. Santiago de Compostela, Servicio de Normalización Lingüística da USC: 23–36.
- 1994 Niño Ricoi, E.; E. Losada Cortiñas; J. Castro González: *Catálogo da flora vascular galega*. Santiago, Consellería de Agricultura, Gandería e Montes – Xunta de Galicia.
- 1994 Antelo Docampo, X.; X. Penas Patiño: *As plantas medicinais*. [Santiago de Compostela], Museo do Pobo Galego.
- 1996 Silva Pando, F.J.; A. Rigueiro Rodríguez; R. Romero Franco: *Guía de plantas medicinais de Galicia*. Vigo, Galaxia.
